

DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA

Plan de Asesoramento ao comercio

Regalar custa pouco, xurde como un programa complementario do **Plan de Asesoramento ao Comercio** con obxectivos concretos: promocionar e divulgar os produtos que ofrece o comercio local, fomentar as entradas aos establecementos comerciais, ofrecer unha imaxe de calidade do comercio da cidade, achegar ás persoas consumidoras os comercios da cidade.

Este plan, desenvolvido pola Concellaría de Promoción Económica e cofinanciado pola Fundación Caixa Galicia íntegrase dentro dos servizos que a Concellaría dirixida polo nacionalista Xosé Manuel Iglesias presta ás empresas en xeral. O seu obxectivo é contribuir a modernización e dinamización do sector comercial compostelá, co obxectivo de facelo máis competitivo.

O **Plan de Asesoramento ao Comercio**, que comenzou o 24 de outubro, contempla visitar 201 establecementos comerciais e hostaleiros de distintas zonas da cidade. Ata o momento realizáronse 135 visitas: 18 no barrio de San Pedro, 61 na Cidade Histórica, 36 no Ensanche, 12 na zona de Conxo, e 8 en Pontepedriña.

As zonas seleccionaronse partindo da *Diagnose sobre o sector comercial e a hostalería*, elaborada pola Concellaría de Promoción Económica. Dous técnicas de comercio realizan as vistias sobre unha mostra da cidade proporcional ao número de comercios abertos en cada unha das zonas analizadas nesta diagnose e aos sectores de actividade con maior presenza.

Os obxectivos destas visitas son:

- ? realizar unha enquisa para detectar as necesidades que ten o sector. Un 90% dos comercios visitados entregou a enquisa cuberta.
- ? informalos dos servizos que ofrece a Concellaría de Promoción Económica, asesoralos en asuntos relacionados coa dinamización, innovación, e diversificación do negocio, e respostar ás consultas que plantexen. As consultas máis formuladas están relacionadas con licenzas, e con pogramas desenvolvidos por Promoción Económica, como o Concurso de Escaparatismo, ou o programa de fomento do Emprendemento Compostela Activa.

Calquera comercio ou local hostaleiro que o desexe pode solicitar a visita dunha das técnicas para recibir este servizo. Tamén poden enviar a enquisa cuberta aos enderezos que figuran detrás: Rúa do Horreo, número 100, e Estadio de San Lázaro, porta 9, situado na Avenida de Fernando Casas Novoa, número 20. Ademais, o persoal dos comercios ten á súa disposición os teléfonos 981 542 493 e 981 568 752 e o correo electrónico que acabamos de habilitar sae@santiagodecompostela.org para solicitar información ou plantexar as súas consultas.

Unha vez remate o periodo de visitas, e mentras se siguen atendendo as consultas do sector, ábrese unha fase de análise e tratamento de resultados que servirá para: detectar as necesidades que ten o sector e deseñar programas específicos que respondan ás mesmas; nun plano individual, solventar as inqedanzas plantexadas polos establecementos mediante a elaboración de plans de individuais de mellora de comercios en activo e a posta en marcha de novas iniciativas comerciais ou de liñas de ampliación de negocio para os establecementos que o soliciten.

OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.
Correo electrónico: promocioneconomica@santiagodecompostela.org. Páxina web: www.maiscompostela.org